



P R O A B

## ACTA DE CONSTITUCIÓN

En Chapela, ás 12:00 do día 3 de Novembro do 2017 reunímonos alumnos e alumnas de 6º do C.E.I.P Plurilingue Alexandre Bóveda para formar unha cooperativa co obxectivo de fabricar produtos que logo poidamos vender no mercado da nosa localidade.

Despois de informarnos e pensar todas as opcións, decidimos as seguintes decisións:

1. A nosa empresa será unha sociedade cooperativa (con 28 votos a favor e 2 en contra),
2. A nosa empresa terá 30 socias/os.
3. Os estatutos da empresa elaboraranse entre todos/as os/as socios/as.
4. Cada socio/a estará inscrito nun departamento.

E para que así conste, todos/as os socios e socias firmamos o presente documento.

Chapela, 3 de novembro de 2017

## ACTA N°2

En Chapela, ás 12:00 do día 15 de novembro do 2017 reunímonos alumnos e alumnas de 6° A e 6° B do C.E.I.P Plurilingüe Alexandre Bóveda para tratar a seguinte orde do día:

- Elección do nome da cooperativa

Todos pensamos e propuxemos diferentes nomes e os máis votados foron:

- Galiab 2
- Galab 2
- ProductAB 12
- CEAB 4
- Galiango 2
- ABG 3

Despois decidimos evolucionar o nome gañador a PROAB.

E para que así conste, todas/os os socias e socios firmamos o presente documento.

Chapela, 15 de novembro de 2017

## ACTA N°3

En Chapela ás 12:00 do día 16 de novembro do 2017 reunímonos alumnas e alumnos de 6ºA e 6ºB do C.E.I.P Alexandre Bóveda para tratar a seguinte orde do día:

- Elección do tesoureir@, ,secretari@ e president@

Reunímonos todos os membros da cooperativa PROAB na aula da cooperativa e presentaron candidaturas:

- Á tesoreir@s: Ainara, Anxo, Nico, mi Martiín e Marta
- Á secretari@s: Hugo, Lidia, Noelia, Idaira e Ainhoa.
- Á dirección: Isla, Yaiza, Luis, Miki, Pedro, Samu e Mateo.

Despois de presentar a súa candidaturas realizáronse as votacións a saíron elexidos:

- Presidente: Miki (con 10 votos)
- Secretario: Hugo (con 9 votos)
- Tesoureira: Marta (con 7 votos)

Tras as eleccións a cooperativa votou que debía haber representación de 6ºA no Equipo directivo e decidiuse crear dous novos cargos coas seguintes persoas máis votadas nos cargos:

- Vicepresidenta: Yaiza (con 5 votos)
- Vicesecretaria: Lidia (con 7 votos)

E para que así conste, todos/as asinamos o presente documento:

Chapela, 16 de novembro de 2017

## ACTA N°4

En Chapela, ás 12:00 do día 17 de novembro do 2017 reunímonos alumnos e alumnas de 6° A e 6° B do C.E.I.P Plurilingüe Alexandre Bóveda para tratar a seguinte orde do día:

- Elección de logotipo

Todos presentamos un logotipo. E o logo gañador foi o de Marta Villaroel Gradín con:



E para que así conste, todas/os os socias e socios firmamos o presente documento.

E non habendo máis asuntos que tratar , levántase a sesión da que, como secretario, levanto a presente acta.

Chapela, 17 de novembro de 2017

## ACTA N°5

En Chapela ás 12:00 do día 22 de novembro do 2017 reunímonos alumnos e alumnas de 6º do C.E.I.P Alexandre Boveda para tratar a seguinte orde do día :

- Redacción dos Estatutos da Cooperativa e do resto de documentos (actas, rexistro de cooperativistas. Libro contable, organigrama e solicitude do CIF).

Se redactan os documentos citados traballando por Departamentos e acórdase que todos estes papeis serán revisados e aprobados ao día seguinte da finalización da elaboración (23 de novembro de 2017).

Faise a proposta de redacción de cada artigo e apróbase a redacción dos mesmos por maioría ou unanimidade quedando redactados da seguinte forma:

- Artigo 1 : Nome  
A empresa funcionará baixo o nome de PROAB (PRODUCTOS ALEXANDRE BOVEDA)
- Artigo 2 :Obxecto social  
A nosa empresa ten a seguinte actividade : E laboración de produtos artesanais fabricados polos nen@s.
- Artigo 3: Duración  
A empresa constitúese o día 3 de novembro de 2017 e durará ata o mes de Xuño 2018.
- Artigo 4: Enderezo  
O enderezo social queda establecido en Chapela rúa Angoren N° 12 Ceip Plurilingüe Alexandre Boveda- curso 6º de primaria.



P R O A B

- Artigo 5 :O capital  
O capital de investimento fíxaiase en ..... euros . Divídese en 30 participantes de euros para cada socio/a.

E para que así conste, todos/as asinamos o presente documento:

Chapela, 23 de novembro de 2017